

## *Xa esta ben!!*

Xoana, que che pasou, porque tes o ollo morado?, - pregunta Pepe, o profe de Mates. Nada, nada, foi cunha porta - contesta ela cravando a mirada no chan.

-Bueno, sendo así, seguiremos coa clase pero se che doe moito, podes baixar a enfermería.

Pero Xoana, na súa cabeza non estaba de acordo, como ía seguir agochando isto, cada día sentía máis dor, pero non só fisicamente senón tamén psicoloxicamente.

As clases non daban rematado, parecía que duraban anos.

-Xoana, estas ben?- soltou repentinamente o mestre

- Encontraste mal, queres baixar? Tranquila que xa queda pouco para o recreo.

Pero isto non era nada para Xoana, xa que no recreo aínda o pasaba peor, sentíase mal, infeliz, soa, sentíase apartada, excluída, afastada da realidade nada era igual. De súpeto soou o timbre, o alboroto comezou, nenos berrando por todas partes, e ela camiñando soa, sen ningunha compañía. Ao saír da escola unha nena nova preséntase ao carón dela .

-Ola, desculpa, sabes por onde se vai á biblioteca?- pregunta a nena cun sorriso

-Por alí- dixo Xoana sen apartar a vista do seu calzado.

Esta nena, ao ver a reacción que fixera Xoana cando ela lle preguntara, supuxo que algo fallaba, que non todo ía ben. E ela estaba no certo.

-Eh, Xoana dáme os deberes- díxolle unha nena da idade de Xoana a Xoana.

-Non podo, non os fixen- di Xoana cada vez máis asustada.

-Ai si!, pois vas ver ti- respondeulle a nena máis agresiva.

Pero de súpeto...

-Metédevos con outro, xa que Xoana non ten que facer os vosos deberes todos os días, ela fai o que quere, é libre de escoller os seus dereitos- replicou a nena coa que se atopara Xoana antes.

-Vámonos, non se nos perdeu nada con esta mariquiña!- dixo a outra rapaza.

Desde aquel día Xoana xa tiña unha nova compañeira, xa non se sentía tan soa e sobre todo ía máis contenta á escola.

